

NA ESCOLA

Núm. 115

La Región

Martes, 7 de abril de 1992

Hoxe cúmplense catro anos dende a saída do primeiro número de "Na Escola", nás páxinas centrais do diario La Región. Cando principiámos esta aventura, ninguén podía prever unha duración tan longa, unha periodicidade tan continuada nen unha presenza crecente no sur de Galicia. Especialmente mirándonos no espello

da historia, viamos que só o diario La Zarpa en 1930, tiña unha páxina pedagóxica durante un periodo inferior a un ano, mentras La Región non tivera unha tentativa seria de divulgación de ideas pedagóxicas. Atlántico Diario creou un suplemento educativo un mes antes da saída de Na Escola, pero sin continuidade.

Catro anos de defensa e divulgación da renovación pedagóxica en Galicia

□ O suplemento pasou por cinco etapas diferenciadas ao longo destes anos

Se ben hoxe é unha práctica habitual de moitos diarios a publicación de páxinas ou suplementos de educación na actualidade, en poucas ocasións se aposta pola renovación e galeguización educativa como nesta, aínda que non está ben que nos o digamos, senón que sodes os lectores os que tedes a última palabra e compraceríanos moito o envío de críticas e suxerencias.

En números vinderios, ampliaremos o índice de temas publicados dende o número 33, no que tamén se facía balance do primeiro ano. Agora son tres anos máis, nos que temos feito certas modificacións, dentro das nosas posibilidades, para analizar problemas pedagóxicos, presentar experiencias, dar a coñecer recursos, informar de libros e novas, así como afrontar certas situacións con humor e ironía.

Na Escola pasou por cinco etapas nesta andaina de catro anos. A primeira, que engloba os números un ao doce, foi unha etapa de proba, de configuración dun modelo de suplemento, que experimentalmente poucos cambios nas etapas seguintes, xa que a meirande parte das seccións respondían ós obxetivos propostos. O equipo de redacción estaba composto por catro persoas de Ourense e dúas de Vigo, na perspectiva de ampliar o suplemento a todo o sur de Galicia, sen conculerilo até máis adiante.

Segunda etapa

A segunda etapa, dos números trece ao coarenta e catro, corresponde ao curso 88-89, e supón a consolidación en Ourense, cun consello de redacción integrado por seis persoas en Ourense e



Este ano non hai número sobre educación republicana por coincidir vacacións.

cunha estrutura lixeiramente modificada, mantendo unha primeira páxina de reflexión teórica e unha final para novas, tira, libros e humor, pero especializando as dúas centrais en experiencias e recursos monográficos. Con este novo modelo, a aportación didáctica dos propios ensinantes recibe atención directa, eliminando a páxina que viñamos adicando a un colexio.

Na terceira etapa ademais de cambiar dos mércores para os martes, produciuse a ampliación territorial coa publicación xunta en Atlántico e La Región. O cambio máis notorio foi, polo tanto, a atención outras novas que se producían en Pontevedra, Vi-

go e comarcas lindantes. O consello de redacción ampliouise a nove membros, cinco de Ourense, dous de Vigo, un do Salnés, mailo autor do Garabullíño. Esta etapa abrangue dende o número coarenta e cinco ó sesenta e tres. Este publicado o trece de marzo supuxo unha interrupción até o curso seguinte, por causas alleas a NEG e ó consello de redacción.

Temos que recoñecer que a volta en outubro xa non se produciu coa mesma ilusión de comezo, un certo cansancio afectou a boa parte dos promotores da experiencia. Dende o número sesenta e catro ó noventa e catro, publicación volta a cubrir un curso completo. No concullo de re-

dacción soio participan oito persoas, pero contamos con colaboración en toda Galicia.

Para rematar situamos na etapa iniciada con este curso que andamos, na que NEG asume a responsabilidades de elabora cada semana o suplemento, baseándose no traballo distribuído entre catro grupos; un formado por: Manuel Alvarez Cruz (Lovios), Cecilio Bello (Salnés), Xoan Manuel Carballo (Montederramo), Xosé Manuel Cid (Facultade de Humanidades de Ourense), Cristina Caruncho (E.U. de F.P. de EXB de Ourense), Xosé Antón Fontelo (Cruz Vermella de Ourense); outro formado por: Antonio Fernández Pererira (C.P. de Sarreaus), Pedro Membiela Iglesias (E.U. de F. del P. de EXB), Mercedes Suárez Pazos (Facultade de Humanidades de Ourense); un terceiro integrado por: Manuel Bragado (Edicións Xerais de Vigo) Antón Fernández Alvarez (E.U. de F. del P. de EXB de Pontevedra) Carmen Pereira Domínguez (Facultade de Humanidades). E o cuarto do que forman parte: David Cortón (F.P. de Verín), Eduardo Fuentes (E.U. de F. del P. de EXB de Lugo e Mercedes González Sanmamed (C.P. de Covadonga). Para cubrir o apartado de humor, Xoan Manuel Andrade fai "O Garabullíño" e Beatriz Sarria, fai "A Pelourina".

En alguna etapa da publicación colaboraron tamén como coordinadores: Calo Iglesias, Xesús R. Jares (Vigo); Mariló Candedo (A Coruña); Manolita Garrido (Ourense), Antón Rozas (Salnés), Rafael Ojea (Vigo), Purificación Mayobre (Ourense), Asunción Arias (Ourense) e grupo de profesores/as do Colexio Guillemme Brown.

Seminario sobre o suplemento Na Escola

Para tratar de vencilar máis directamente o suplemento Na Escola coa renovación educativa nas aulas, proéctase a realización dun seminario tódolos os venres do terceiro trimestre polas tardes, no que poden participar, ademais dos coordinadores, todos aqueles profesores e profesoras dos distintos niveis educativos que teñan interés, por unha banda, en levar ás aulas os recursos e experiencias que aquí se presentan, e por outra colaborar con nós no futuro para tentar mellorar a calidade dos traballos, ofertar máis variedade de temas e áreas tratadas, sí como analizar con máis rigor problemas de actualidade.

Facultade de Humanidades

O seminario terá lugar na primeira planta da Facultade de Humanidades. A actividade atópase entre as que solicitou Nova Escola Galega á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, como actividade de inverno dos MRPs, xunto con outras que tamén poden ser de interés do profesorado.

Temos que salientar especialmente as actividades de Educación para a Paz. Xa se teñen celebrado as V Xoñadas en Ourense e un curso intensivo en Santiago, ademais da publicación Novapaz e restan os VI Encontros que terán lugar en Gandarío, os días 24, 25 e 26 de este mes, baseados como tódolos anos no debate horizontal de experiencias, materias e recursos que presentan diversos colectivos.

Póñense en marcha tamén os seminarios de educación para a paz (Vigo) e o seminario sobre correspondencia e intercambio escolar (Ourense).

Outras actividades

Outras actividades que se celebrarán en toda Galicia e das que tamén iremos dando información so: IV Xornadas de Educación Ambiental (Barbanza, en maio); II Xornadas de Educación Ambiental (Salnés, maio); IV Xornadas de Normalización Lingüística (Santiago); Xornadas de dinámica de grupos (Santiago) e Humor e Escola (Ourense, en xuño), Seminario de Orientación e Tiroría, Seminario de elaboración de materiais de matemáticas e áreas afíns, Seminario de Educación Infantil e primaria, Exposición de Matemáticas, Xornadas pedagóxicas da Costa da Morte (A Coruña), Xornadas de Didáctica da Filosofía e dúas Escolas de Verán.



Nesta singladura desenrolada polo suplemento educativo Na Escola, dende abril de 1988, moitas cousas pasaron no noso entorno e no entorno educativo. No número 33 de 5 de abril de 1989 xa saliu un índice de temas tratados dun ano de suplemento educativo. Hoxe eiquí reseñamos unha parte do índice dende o número 34 ate o número 66.

Índice de temas tratados (abril 1989-marzo 1992)

O devandito índice presenta o resúmen dunha documentación de gran valor tanto como colección como base de datos e temas tratados. Nun dos seguintes números sairá o restante índice. Como pode ver o desglose deste índice está feito en base a Estudos e reflexións teóricas, experiencias e recursos, tiras críticas e libros comentados. Ao longo desde anos abordáronse temas de actualidade, a historia da escola e festas populares e días reivindicativos.

Estudos e reflexións teóricas

- Unha nova conmemoración republicana (12 de abril de 1989). Herminio Berreiro.
- Aquela renovación educativa en Ourense. (12 de abril de 1989). Baltasar Vázquez. Mestre Republicano.
- Sobre a didáctica da historia. (12 de abril de 1989). Xabier Castro.
- Arredor da didáctica da xeografía (19 de abril de 1989). Xosé Manuel Souto.
- Primeiro de Maio. Día da clase traballadora. O profesorado no día dos traballadores. (26 de abril de 1989). Mercedes Suárez.
- A Festa dos Maíos: O ciclo do Maio en Galicia. (3 de maio de 1989).
- As adaptacións curriculares: limitacións e perspectivas. (10 de maio de 1989). Eduardo X. Fuentes.
- O galego no ensino. (17 de maio de 1989).
- Movementos de Renovación Pedagóxica. (24 de maio de 1989). Manolo Bragado.
- O curriculum disciplinar e o curriculum globalizado (24 de maio de 1989). Reyes Hernández.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente. A educación ambiental en nunha biosfera en perigo. (21 de maio de 1989). Manuel A. Fernández.
- O humor, un lugar no curriculum (7 de xuño de 1989). Joaquina Galego.
- Da escola á Universidade. (14 de xuño de 1989).
- Os centros de formación continuada do profesorado. (21 de xuño de 1989). Xosé Ramos.
- Escolas de verán das MRPs. (21 de xuño de 1989). Manolo Bragado e Xosé Manuel Cid.
- Propostas de transformación social por medio da educación. O Krausismo en Galicia. (11 de outubro de 1989). Purificación Mayobre.
- O debate sobre o horario escolar. (17 de outubro de 1989). Antón Costa.
- A formación do profesorado. (24 de outubro de 1989). E. X. Fuentes e Mercedes Sanmamed.
- Un plan para formar o profesorado. (1 de novembro de 1989). Manolo Bragado.
- A festa popular do magosto. (7 de novembro de 1989). A. Fidalgo.
- A festa da escola. (7 de novembro de 1989). María Saúde.
- A teoría e práctica da educación polo traballo. (14 de novembro de 1989). X. M. Cid.
- Planificala escola dende a propia escola e o seu entorno. (28 de novembro de 1989). María C. Bello.
- Influencia da ilustración e da Revolución na educación peninsular. (5 de decembro de 1989).
- Xogos de simulación. Unha teoría que desenvolve a imaxinación. (12 de decembro de 1989). Grupo Gaia.
- Comedores escolares. (19 de decembro de 1989). David Cortón.
- O consumo na Escola. (9 de xaneiro de 1990). Antón Rozas.

- A educación de adultos/as en Galicia. (16 de xaneiro de 1990).
- Solucións alternativas na educación de adultos/as. (16 de xaneiro de 1990).
- Paz e formación do profesorado. (23 de xaneiro de 1990). Xosé Manuel Cid.
- Coeducar é educar para a paz. (30 de xaneiro de 1990).
- Coñecemento social na escola infantil (16 de febreiro de 1990).
- A Escola laica netural. (13 de febreiro de 1990). Xosé Manuel Cid.
- "O Entroido" de Verín visto polos escolares. (13 de marzo de 1990).
- América nas visperas do "Descubrimiento". (11 de outubro de 1990).
- A educación da muller a principios do século XX, unha ensinanza raquíca (18 de outubro de 1990). Rosa María Capel.
- A metodoloxía do ensino das matemáticas. (25 de outubro de 1990).

Experiencias e recursos

- ★ Facendo unha xeografía parroquial. (12 de abril de 1989). Armando Fernández Mazas.
- ★ Suxerencias didácticas para a utilización da prensa na escola. (12 de abril de 1989). Mercedes Sanmamed e Euduro X. Fuentes.
- ★ Construcción dunha maqueta tridimensional a partir dun mapa topográfico. (19 de abril de 1989).
- ★ Apuntes sobre a educación ambiental. (26 de abril de 1989). Antón Roza Caeiro.
- ★ Os maíos na escola. (10 de maio de 1989). Plácido Blanco Bembibre.
- ★ Un modelo de normalización lingüística no ensino (17 de maio de 1989). VI Asamblea de Nova Escola Galega.
- ★ Actividades interdisciplinares sobre o día dos traballadores realizados por alumnos de 1º de BUP del Instituto de Xinzo da Limia. (24 de maio de 1989). Grupo de profesores de Xinxo.
- ★ Unha experiencia: facendo comics na clase de inglés. (31 de maio de 1989). Socorro Fernández.
- ★ O corpo humano: unha experiencia informática. (31 de maio de 1989). Xoán Barreiro.
- ★ Obradoiros na escola: unha experiencia no C.P. de Beariuz. (7 de xuño de 1989).
- ★ Os talleres no C.P. de Mariñamansa (7 de xuño de 1989). Profesores que colaboran: Felisa Vázquez, Rosa Muñoz, Carmen Rodríguez, Asunción Arias, Marisol Gómez.
- ★ Da Escola a Universidade. Unha experiencia videográfica no Instituto de BUP Otero Pedrayo de Ourense (14 de xuño de 1989).
- ★ Coñecer a cidade por medio do transporte colectivo. (17 de outubro de 1989). Carmen Morán de Castro.
- ★ Teatro de sombras nas ciencias sociais. (24 de outubro de 1989). Margarita Santás Araújo.
- ★ Experiencias e recursos para a clase de inglés (1 de novembro de 1989). Montserrat Paz Núñez.
- ★ Que opinan os nenos das nenas. (7 de novembro de 1989). María Saúde.
- ★ Centro Educativo Social Montealegre, un proxecto para a integración. (14 de novembro de 1989). Equipo Educativo do centro.
- ★ A Aula de acuicultura (28 de novembro de 1989). María Cecilia Bello.
- ★ Interdisciplinaridade no ciclo medio. Construcción de mapas. (19 de decembro de 1989). Rufino Fernández. Lucinio Galaga Hernández. Pedro Pérez Santamarina.



- ★ Un plan de traballo sobre as revolucións. As revolucións burguesas. (5 de decembro de 1989). Purificación Mayobre.
- ★ Xogando a axudar á natureza. (12 de decembro de 1989).
- ★ Constitución do medio ambiente. (9 de xaneiro de 1990). C.P. o Pombal de Vigo.
- ★ Porteción Civil en centro docentes. Exercício práctico de evacuación. (16 de xaneiro de 1990) Xosé Pedro Morais Gallego.
- ★ Materiais de educación para a paz. 623 de xaneiro de 1990). Xesús Rodríguez Jares.
- ★ Una caixa na clase de ciencias. (16 de febreiro de 1990). Pepe Alvarez Castro.



- ★ Experiencias de Educación Visual (13 de febreiro de 1990). Profesores del C.P. Inmaculada de Barrocás.
- ★ Obradoiro de Pantallas. (13 de marzo de 1990). Jorge Regal Lamelo, María Teresa Casal Domínguez, Manuel López Casas, Jesús Carrera Santana.

- ★ A escola en Galicia escomeza dende a casa. (11 de outubro de 1990).
- ★ Una pita na escola: actividade para a educación. Diario da pita Milla. (18 de outubro de 1990).
- ★ Crúzalo río, un xogo para o estudo da probabilidade. (25 de outubro de 1990). Antón Labraña.

Tiras

- Tiras críticas. (5 de abril de 1989).
- O curso de adaptación en Ourense. (5 de abril de 1989). Mercedes Suárez Pazos.
- Reivindicacións salariais dos mestres republicanos. (12 de abril de 1989). Xosé Manuel Cid.
- Primeiro aniversario. (26 de abril de 1989). Herminio Barreiro.
- Festa na escola: os maíos. (3 de maio de 1989). María Saúde.
- Cada vello que morre é unha biblioteca que arde. (10 de maio de 1989).
- Teoría-Práctica. (17 de maio de 1989). David Cortón.
- Apoios económicos aos MRPS galegos. (24 de maio de 1989). José Paz Rodríguez.
- Arredor dun artigo de Carballo Calero. (31 de maio de 1989). Xosé Manuel Cid.
- Reflexións dunha nai que participa nos obradoiros do colxio de Beariz. (7 de xuño de 1989). Rosa María Barros.
- No tempo dos cabazos. (14 de xuño de 1989). David Cortón.
- Acordos da Xunta de personal docente. (17 de outubro de 1989).
- Curso de aptitude pedagóxica en Ourense e Pontevedra. (7 de novembro de 1989). Xosé Manuel Cid.
- ¿Pedagogía no psiquiátrico? (14 de novembro de 1989) Santi Esteve.
- Entorno e escola: relacións controvertidas. (28 de decembro de 1989). Luis Caldelas.
- Os ilustradiños da actual reforma. (5 de decembro de 1989). Conchi González.
- A matanza do porco resultou ser a matanza da actividade (12 de decembro de 1989). Asunción Arias.
- ¿A quen lle preocupa a Educación? (19 de decembro de 1989). Luis Caldelas.
- Publicidade e consumismo infantil

- e xuvenil. (9 de xaneiro de 1990). Antón Rozas Caeiro.
- Música nas aulas. (16e xaneiro de 1990). Xavier Alvarez.
- Normalizar a paz. (23 de xaneiro de 1990). X.R. Jares.
- Re-significando. (30 de xaneiro de 1990).
- ¿Escolarizar ós tres anos? (6 de febreiro de 1990). Manuel Bragado Rodríguez.


Libros

- ☆ Bibliografía sobre medios de comunicación e prensa na escola. (5 de abril de 1989).
- ☆ "Educación e ideoloxía en Ourense na II República". Cid Fernández X.M. Servicio de Publicacións da Universidade. Santiago 1989. Herminio Barreiro. (12 de abril de 1989).
- ☆ Lecturas para o debate curricular en Xeografía. "La enseñanza de la geografía". Graves, N. (1985). Visor, Madrid (19 de abril de 1989). "La didáctica de la Geografía". Bailey, P. (1987). Cincel, Madrid (19 de abril de 1989).
- ☆ "Manual de Creatividad. Mauro Rodríguez Estrada. Ed. Trillas, México, 1985. Olga Gómez González (3 de maio de 1989).
- ☆ "Juegos y deportes cooperativos". Terry Orlick. Ed. Popular, Madrid 1986. María Luisa Puga Garcés (10 de maio de 1989).
- ☆ "Para enseñar no basta con saber la asignatura". Fernando Hernández e Juana María Sancho. LAIA/Cuadernos de Pedagogía, 1989. X.M. Cid (17 de maio de 1989).
- ☆ Técnicas e xogos cooperativos para toda-las idades". Xesús Rodríguez Jares. Ed. Vía Láctea/Nova Escola Galega. 1989 (24 de maio de 1989).
- ☆ Educación Ambiental (31 de maio de 1989).
- ☆ "Didáctica do entorno: A igrexa conventual de San Francisco". Fuentes Abeledo, e González Sanmamed, M. 1989. Concello de Betanzos. Mercedes Suárez Pazos (7 de xuño de 1989).
- ☆ "El curriculum: una reflexión sobre la práctica. J. Gimeno Sacristán. 1988. Morata. Madrid. Eduardo Xosé Fuentes Abeledo (14 de xuño de 1989).
- ☆ "Guerras de baja intensidad". Mariano Aguirre-Robert Matthews (21 de xuño de 1989).
- ☆ "Apuntes da nosa historia escolar". Xosé Manuel Cid (10 de outubro de 1989).
- ☆ "La escuela infantil a los cuatro años". L. Selmi e A. Turrini. MEC - Morat. Madrid, 1988. María Luisa Puga Garcés (17 de outubro de 1989).
- ☆ "La ciencia de los alumnos, su utilización en la didáctica de la Física y la Química". Hierrezuelo, J. e Montero, A.LAIA - MEC, 1988, Madrid., David Cortón (24 de outubro de 1989).
- ☆ Festas e xogos na escola (7 de novembro de 1989).
- ☆ "Encuentros en la imaginación". Fundación Sol, Hachuel de Burgos, 1989. Mariló Candedo (14 de novembro de 1989).
- ☆ "Escuela e mestres: a educación en Galicia da Restauración á II República". Antón Costa Rico. Santiago 1989. Consellería da Presidencia. Rosa María Rúa (5 de decembro de 1989).
- ☆ "Enseñar historia". Frutos Rodríguez, J. 1989. LAIA, Nuevas propuestas. Barcelona. Eduardo Xosé Fuentes Abeledo (19 de decembro de 1989).
- ☆ "Organización Escolar Aplicada a la Escuela Infantil". Ed. Edinford, S.A. Málaga 1989 (9 de xaneiro de 1990).
- ☆ Educación de adultos. Mercedes Suárez Pazos (16 de xaneiro de 1990).
- ☆ Materiais en galego sobre educación para a paz (23 de xaneiro de 1990).
- ☆ "Itinerario Ourense-Castro". P. Membrilla Iglesia, Cid Manzano, M.C. e outros, Concello de Ourense. Mercedes Suárez Pazos (6 de febreiro de 1990).
- ☆ VV.AA. O Asociacionismo cultural en Galicia. Coedic. Xunta de Galicia e Universidade de Santiago (13 de febreiro de 1990).
- ☆ "Arqueología antropológica". "Enseñanza da lingua na educación intermedia" (11 de outubro de 1990).
- ☆ "Aprendo a traballar". (18 de outubro de 1990).
- ☆ "Probas e refutacións" (25 de outubro de 1990).

CITROËN AX DIESEL NUEVA GENERACION

DIESEL A PRECIO DE GASOLINA

Esta es la nueva generación de Citroën AX. Nueva en su diseño, en su interior y su equipamiento. Como la gama Citroën AX Diesel, ahora más genial que nunca. Con una nueva generación de motores TU diesel más fiables y robustos que hacen del Citroën AX Diesel un vehículo con brío, llenos de fuerza y nervio. Con una aceleración de 0 a 100 Km/h en 14,3 segundos y un consumo de 3,6 litros a 90 Km/h que ha batido todos los récords. Ahora con la oportunidad única de obtenerlo a un precio similar a un modelo de gasolina. Un especial Citroën Diesel, sólo hasta fin de mes, que convierte al Citroën AX en más genial que nunca.



MODELOS 3 PUERTAS	PRECIO *
AX 14 TD Diesel	1.071.989 Ptas.
AX 14 TGS Gasolina	1.095.245 Ptas.

Idéntica promoción para versiones 5 puertas.

LEIT MOTIV/RSCG



CITROËN AX DIESEL NUEVA GENERACION. MAS GENIAL QUE NUNCA.

* Precios máximos recomendados. Incluye IVA, transporte y promoción. Válido para vehículos en stock en Península y Baleares. No acumulable a otras ofertas promocionales.

O recente "affaire Xinzo" pode servir, cando menos, para por de manifesto a dupla misión que teñen que exercer os docentes: académica e administrativa (onde incluímos os aspectos disciplinares). No presente artigo, o que pretendemos é facer unha análise desta dupla misión coa intencionalidade de chamar a atención sobre un aspecto tratado en diversos ámbitos docentes: a separación, como acontece noutros diversos Estados, destas dúas misións.



O "affaire Xinzo" puxo de manifesto a dupla misión que teñen que exercer os docentes.


Pola restauración do control académico

O docente, cando se incorpora ao seu mundo laboral faino cunha mentalidade e una misión académica; máis na práctica vese inmerso nun submundo administrativo que, a hora da verdade, "cómelle máis tempo que a súa función inicial: a de ensinar unha determinada disciplina, transmitindo unhas determinadas coñecementos".

Hai anos esta función, que nós denominamos académica, estaba practicamente controlada pola Universidade, polo menos no referente ao ensino secundario. E non ten nada de peculiar, xa que a fin de contas a finalidade deste ensino secundario non era outra que a de enviar alumnos á Universidade, e polo tanto esta arrogábase o dereito de seleccionar académicamente —sen esquecer outros sistemas máis directos de selección como pode ser o económico—, aqueles que terán o privilexio de entrar na Universidade. E esta función sigue tendo, non esquezamos a Selectividade, onde os docentes da secundaria, e até as mesmas autoridades, somos meras comprarsas dos ditámenes da Universidade.

Pero non referente ao resto do ensino a Universidade perdeu a súa posición, digamos de privilexio, fronte da Administración. Perda que foi parella á popularización e ampliación dos estudos de bacharelato ás capas máis desfavorecidas.

Agora estamos nunha situación na que os contidos académicos xa non son controlados pola Universidade, senón que cada principio de curso os distintos seminarios envían a súa programa-



A Universidade debe recuperar o control sobre os aspectos académicos.

ción para ser aprobada pola inspección educativa, co fin de que esta dea o visto bo se coincide co plan de estudos. Máis acontece que esta inspección ocúpase tamén de aspectos administrativos (onde se inclúen os disciplinares, e non só contra alumnos senón tamén contra docentes). E son precisamente os aspectos administrativos os causantes da meirande parte dos conflitos entre Administración-Docentes, ao que contribúe nunha boa medida a ambigüidade das leis. E o escaso interese, por ambas partes, de aplicar as que non son ambi-

guas (precisamente se hai tempo, en Xinzo aplicarán as leis hoxe seguramente non existiría o problema).

Decía nun principio que o que pretendía era propor a separación de funcións académicas das administrativas, e lanzo a miña proposta. Que a Universidade recupere o seu control sobre aspectos académicos. Poderá decirse que se incrementaron os centros de secundaria, facultades e de profesores. Ademais, a reestruturación do C.A.P., pode ser unha boa oportunidade para que, alo menos nas didácticas

especiais, a Universidade se "molle" máis.

A parte administrativa queda para a Administración. E non so iso, senón que se debería ceir, ou mellor dito ampliar e modificar a composición da plantilla de administrativos que traballan nos institutos. Serían estes administradores dos centros os que se ocuparían de xestionar os institutos, deixando para os docentes as cuestións académicas. Deste xeito un docente non tería que compaxinar a práctica da filosofía coa loita libre contra as facturas. Os directores explicarían matemáticas, e non se verían inmersos en aspectos disciplinares. Os xefes de estudos adicariáanse á literatura, e non a bregar cos pais, profesores e alumnos. O xestor de centro faría iso. Ademais, evitaríamos as continuas zancadillas polos puntos para "emigrar" a outro centro de máis agrado, ou para conquistar a redución horaria, que nos permitiría diversas "prevendas". O xestor encargárase de todos os nosos problemas administrativos. E nós, á docencia e a criticar ao xestor por descontarnos da mensuralidade eses múltiples dez minutos que sempre perdemos entre clase e clase.

Poderase esgrimir que resultaría caro. Todo o contrario, pensemos, se non, na considerable suba dos complementos de cargos directivos. Até perto das 90.000 mil pesetas de diferenza respecto dun compañeiro sen cargo. ¿Non daría isa masa salarial para costear os gastos de até dous xestores por centro?

LUIS MARTINEZ RISCO

NOVAS

Día da Saúde

Hoxe celébrase mundialmente o Día da Saúde. Ademais de lembrarlle ós nenos e nenas que veñan ben aseados, limpos e cos dentes brillantes, tamén se pode aproveitar para denuncia-las malas condicións hixiénico-pedagóxicas de moitas escolas.

Tunantes universitarios

Na Universidade de Vigo estanse por copiar costumes irracionais e manter tradicións decimonónicas, para que a xente sepa que, aínda coas moitas carencias que ten, parece-se as universidades grandes. O último que se quere copiar e a formación de tunas, nas que non poden participar as mulleres. Agardamos que unha parte do sexo masculino afronte esta situación coa suficiente talla intelectual que se supón nos universitarios.

Inauguración do Rectorado de Vigo

Mañá mércores ten lugar a inauguración da nova sede do rectorado universitario de Vigo, sito na rúa da cidade do Porto. Unhas instalacións certamente dignas para esta institución. Só temos que criticar a castelánización de nome da rúa, que aparece como Oporto nos papeles timbrados.

Exposición "As portas do cerebro"

Onte foi inaugurada na Casa da Xuventude a exposición "As portas do cerebro". O obxectivo desta exposición é divulgar o coñecemento do sistema nervioso do corpo humano entre os escolares ourensáns. A exposición está aberta até o próximo día 16. A exposición forma parte dun traballo realizado por un equipo de profesores galegos e foi subvencionado pola Xunta de Galicia. O traballo conseguiu o segundo premio nacionaldo certamen que o MEC organiza baixo o título "Ciencias creativas".

Elaborado por: Nova Escola Galega

Coordenan este número:

- Manuel Alvarez Cruz
- Cecilia Bello
- Xoan Manuel Carballo
- Cristina Caruncho
- Xosé Manuel Cid
- Xosé Antón Fontelo

Ilustracións:

- Beatriz Sarria
- Xoan Manuel Andadre

"A ESCOLA É, MÁIS OU MENOS, UNHA MÁQUINA BEN ENGRAXADA QUE PROCESA (¿EDUCA?) NENOS. A ESCOLA INCLUE METAS DE PRODUCCIÓN (ESTADO FINAL

ESPERADO); MATERIA PRIMA (NENOS); UN EDIFICIO MATERIAL (O COLEXIO); UNHA LIÑA DE PRODUCCIÓN POR FASES (CURSOS); DETECTORES DE AVARÍAS (DIAGNOSTICADORES,

ASESORES...); MECANISMOS DE CONTROL DE CALIDADE (DISCIPLINA, REGLAS, PROCESO POR ETAPAS, CONFORMIDADE...); PARTES INTERCAMBIABLES (CURRÍCULO STANDARD UN NÚMERO DE

ALUMNOS POR UNIDADE DE PROCESAMENTO...); CRITERIOS UNIFORMES (AVALIAÇÃO) E UN PRODUTO FINAL DISPONÍVEL EN VARIAS FORMAS DE ACABADO (ACADÉMICA, VOCACIONAL, EMPRESARIAL, XERAR).

E A TODOS ESTES INSULTOS, ¿OS "ROBOTIÑOS" NON TEREMOS NADA QUE DICIR...?

ANDRADE

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

